



Facultade de Filoloxía
Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de
fin de grao

**Un achegamento á
variación lingüística nos
concellos de Tui e
Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo**

Olalla Vizoso González

Titor: Xulio C. Sousa Fernández

Curso 2024/2025



Facultade de Filoloxía
Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de
fin de grao

**Un achegamento á
variación lingüística nos
concellos de Tui e
Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo**

Olalla Vizoso González

Titor: Xulio C. Sousa Fernández

Curso 2024/2025

Agradecementos

*Eu querer quéroche ben,
da raís do corasón,
agora falta saber,
se ti me queres ou non.*

Copla popular

Á miña avoa Carmen, por sentirse tan orgullosa do seu galego con seseo e ser a motivación para o tema deste TFG.

A todas e cada unha das persoas que foron partícipes deste traballo dunha maneira ou outra: ás amigas, familiares e veciños que me axudaron na busca de informantes, ás familias das persoas que tiveron o pracer de entrevistar, aos marabillosos homes e mulleres que me abriron as portas da súa memoria e compartiron comigo coñecementos, recordos, contos e até coplas, e a Xulio pola súa axuda e guía.

Á miña familia, a de aquí e a do ceo, e ao meu amor, sempre na *raís* do meu *corazón*.

Formulario de delimitación do título e resumo
Traballo de Fin de Grao curso 2024/2025

APELIDOS E NOME:	Vizoso González, Olalla
GRAO EN:	Lingua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Xulio Sousa Fernández
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Variación e cambio lingüístico



SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: Un achegamento á variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes relacionadas co seseo

Resumo

Este traballo ten como obxectivo o estudo da variación lingüística existente en distintas localizacións dos concellos baixomiñotos de Tui e Tomiño, centrando a atención nas variables relacionadas co seseo. Con este fin realizaremos unha descrición e unha análise que terán en conta tanto a frecuencia das distintas variantes como as localizacións estudadas. Idealmente, isto permitiranos delimitar, dentro da área estudada, as zonas de ocorrencia das variantes nas distintas distribucións consideradas. Para poder levar a cabo esta investigación, partiremos dun corpus de lingua oral, que será recollido a través de entrevistas gravadas, que terán carácter semidirixido, a persoas galegofalantes dos distintos puntos seleccionados, todos eles dunha mesma faixa de idade.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2024.

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>SOUSA FERNANDEZ XULIO CESAR - 34951673E</p>  <p><small>Firmado digitalmente por SOUSA FERNANDEZ XULIO CESAR - 34951673E Fecha: 2024.11.10 10:20:24 +01'00'</small></p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p>
---	---	---

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Título:

Un achegamento á variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes relacionadas co seseo.

Una aproximación a la variación lingüística en los municipios de Tui y Tomiño: las variantes relacionadas con el seseo.

An approach to linguistic variation un the municipalities of Tui and Tomiño: the variants related to seseo.

Resumo: Este traballo ten como obxectivo o estudo da variación lingüística existente en distintas localizacións dos concellos baixomiñotos de Tui e Tomiño, centrando a atención nas variables relacionadas co seseo. Con este fin realizaremos unha descrición e unha análise que terán en conta tanto a frecuencia das distintas variantes como as localizacións estudadas. Idealmente, isto permitiranos delimitar, dentro da área estudada, as zonas de ocorrencia das variantes nas distintas distribucións consideradas. Para poder levar a cabo esta investigación, partiremos dun corpus de lingua oral, que será recollido a través de entrevistas gravadas, que terán carácter semidirixido, a persoas galegofalantes dos distintos puntos seleccionados, todos eles dunha mesma faixa de idade.

Palabras chave: variación lingüística, seseo, Tui, Tomiño

Declaración de orixinalidade

Eu, Olalla Vizoso González, con DNI 35583640H, declaro que o presente Traballo de Fin de Grao é orixinal e que non se empregaron fontes de información que non figuren citadas debidamente no corpo e na bibliografía do texto do traballo.

1. Introducción

Este Traballo de Fin de Grao propón un estudo sobre a variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño centrado nas variantes relacionadas co fenómeno que tradicionalmente recibe o nome de seseo. Para este propósito analizaranse falantes adultos de oito parroquias destes dous concellos, situados no extremo sur da provincia de Pontevedra. Preténdese, mediante a análise sistemática dun corpus de datos recollidos nas parroquias seleccionadas, describir e analizar a frecuencia e as localizacións das variantes estudadas, de maneira que poidamos delimitar nesta área as zonas de ocorrencia das variantes.

A área de estudo resulta especialmente interesante para a observación das variantes relacionadas co seseo porque os estudos previos (detallados a continuación nesta introdución) amosan que nesta zona do suroeste pontevedrés este fenómeno estaba en retroceso no século XX. Con todo, como veremos, os datos destes traballos na zona son pouco comparables entre si.

Nesta introdución ofreceremos unha contextualización xeográfica, social e lingüística dos concellos de Tui e Tomiño e das parroquias nas que recollemos datos, así como unha panorámica sobre os subsistemas de sibilantes do galego, o seseo e outros fenómenos relacionados. A continuación, no segundo apartado, presentamos o marco teórico no que se inscribe este traballo. No terceiro, describimos a metodoloxía empregada para a obtención e presentación dos datos. No cuarto, presentamos e analizamos os datos recollidos. Finalmente, no quinto, recollemos as conclusións ás que puidemos chegar.

1.1. Tui e Tomiño: contexto xeográfico, social e lingüístico

Os concellos de Tui e Tomiño están situados na comarca do Baixo Miño, no suroeste da provincia de Pontevedra. O río Miño e os seus afluentes son o elemento que define a xeografía desta comarca, que é unha sucesión de montañas e vales. Na figura 1 podemos observar a localización de ambos concellos e máis das parroquias estudadas: Pazos de Reis, Randufe, Areas, Malvas e Pexegueiro no concello de Tui, e Sobrada, Amorín e San Salvador de Tebra no concello de Tomiño.

De maneira xeral, estas parroquias son zonas rurais con moi pouca ou ningunha separación entre os lugares que as constitúen. O mesmo sucede entre parroquias: ás veces están separadas por bosque ou campos, pero están moi próximas, e outras non se observa ningunha distancia entre as vivendas dunhas e outras, especialmente canto máis á beira do Miño se sitúen. Debemos destacar que entre as parroquias de Tui estudadas e as parroquias de Gondomar que

lindan con elas interpóñense varios altos e montes (monte Aloia, alto de San Antoniño, monte Tetón, etc.) que separan claramente os seus núcleos habitados.



Figura 1. Mapa coa localización das parroquias estudadas: 1. Pazos de Reis, 2. Randufe, 3. Areas, 4. Malvas, 5. Pexegueiro, 6. Sobrada, 7. Amorín, 8. San Salvador de Tebra.

No 2024, o concello de Tui tiña 17.454 habitantes e unha densidade de poboación de 256,8 hab/km² (IGE). Limita cos concellos galegos de Tomiño, Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño, e co río Miño, tendo ao outro lado da fronteira o municipio portugués de Valença do Minho. Xunto con este último concello, Tui forma a Eurocidade Tui-Valença. Segundo o Nomenclátor de Galicia (NG), ten doce parroquias. O núcleo urbano do concello sitúase na parroquia de Tui (O Sagrario). É un municipio no que teñen moita importancia económica o turismo e o Camiño de Santiago, pois é a entrada a Galicia do Camiño Portugués. Ademais, conta con varios polígonos industriais.

A parroquia de Pazos de Reis (O Sagrario) contaba en 2024 con 1204 habitantes (INE). Desde comezos do século XXI experimentou un pequeno crecemento poboacional, posto que no ano 2000 tiña 1118 habitantes (INE). É unha Entidade Local Menor dentro do concello de Tui desde o ano 1926 e ten dez lugares, en base aos datos do NG. A maior parte do seu territorio encóntrase dentro do Parque Natural do Monte Aloia e unha parte chega a incrustarse no casco urbano de Tui. Atravesa a parroquia a autoestrada A-55. Eclesiasticamente é fortemente dependente da parroquia de Tui, pero conta con tres capelas: a das Dores de Frinxo, a do Anxo

e a de San Xián. Limita coas parroquias tudenses de Rebordáns, Tui e Randufe, e con Morgadáns (Gondomar). A división natural entre Pazos de Reis e Randufe é o río Tripes.

A parroquia de Randufe (Santa María da Guía) tiña en 2024 un total de 2279 habitantes (INE). Tamén creceu en poboación neste último cuarto de século, xa que no ano 2000 tiña 2158 habitantes (INE). Segundo o NG, existen en Randufe vinte e sete lugares. Ao igual que Pazos, atravesaa a A-55, e están aquí situados varios enlaces e saídas desta autoestrada; tamén pasa por Randufe a PO-340 (Tui-Nigrán). Unha parte da parroquia chega ao casco urbano de Tui e conta con saída ao río Miño. Randufe limita coas parroquias tudenses de Pazos de Reis, Tui, Areas, Pexegueiro e Malvas, e con Morgadáns (Gondomar).

Areas (Santa Mariña) contaba con 842 habitantes en 2024 (INE) e componse de sete lugares, segundo indica o NG. Creceu en poboación desde o ano 2000 (daquela tiña 711 habitantes (INE)). Nesta parroquia atopamos o Polígono Industrial de Areas, activo desde 2002, próximo ao cal comeza a A-55. Pasan por ela a PO-552 (Tui-A Guarda) e a PO-350 (Tui-Tomiño). Por outra banda, destaca a actividade do Viveiro Forestal de Areas. Limita coas parroquias tudenses de Randufe e Pexegueiro, coa parroquia tomiñesa de Sobrada e co río Miño.

Malvas (Santiago) tiña 395 habitantes en 2024 (INE). Mantén case a mesma poboación que a comezos de século (tiña 385 habitantes no ano 2000 (INE)). Segundo o NG, ten sete lugares. Nesta parroquia nace o río Furnia (afluente do Miño) e trátase dun val pechado polos montes das parroquias veciñas. Pasa por ela tamén a PO-340. Limita coas parroquias tudenses de Randufe e Pexegueiro, coa parroquia tomiñesa de Santa María de Tebra e coas parroquias de Couso e Peitieiros en Gondomar.

A parroquia de Pexegueiro (San Miguel) tiña 492 habitantes en 2024 (INE) e segundo o NG conta con quince lugares. Sufriu unha perda lixeira de poboación desde o ano 2000, cando tiña 531 habitantes. A parroquia é atravesada polo río Furnia. Limita coas parroquias tudenses de Malvas, Randufe e Areas, e coas parroquias tomiñesas de Santa María de Tebra, San Salvador de Tebra, Piñeiro e Sobrada. Tanto Pexegueiro como Malvas caracterízanse por ter unha ampla superficie do seu territorio cuberta por monte.

Tomiño tiña 13.054 habitantes en 2024 e tiña unha densidade de poboación de 130 hab/km² (IGE). Limita cos concellos galegos do Rosal, Oia, Baiona, Gondomar e Tui, e co río Miño, tendo ao outro lado os municipios portugueses de Valença do Minho e Vila Nova de Cerveira. Tomiño e Vila Nova de Cerveira forman a Eurocidade Cerveira-Tomiño. Segundo o NG, ten quince parroquias. Conta con dous pequenos núcleos urbanos: o do Seixo, na parroquia de Santa María de Tomiño, e o de Goián. Na economía de Tomiño destacan especialmente o viveirismo de planta ornamental, a produción de viño e o cultivo do mirabel, o kiwi e o

aguacate, entre outras árbores froiteiras. As parroquias de Tomiño seleccionadas foron Sobrada, Amorín e San Salvador de Tebra, cara ao leste do concello.

Sobrada (San Salvador) en 2024 contaba con 985 habitantes (INE) e componse, segundo o NG, de doce lugares. Desde o ano 2000 experimentou un notable crecemento poboacional, posto que no ano 2000 tiña 759 habitantes. Limita co río Miño, coas parroquias tomiñesas de Piñeiro e Currás, e coas tudenses de Pexegueiro e Areas. O límite entre as parroquias de Sobrada e Piñeiro márcalo o río Furnia. Por esta parroquia pasan a PO-350 e a PO-552.

Amorín (San Xoán) tiña en 2024 un total de 1327 habitantes (INE). Creceu notablemente en poboación desde comezos do século, posto que no ano 2000 tiña 803 habitantes (INE). Segundo o NG ten cinco lugares. Limita coas parroquias tomiñesas de Currás, Piñeiro e Taborda. Os núcleos de poboación da parroquia concéntranse entre a PO-552 e o río Miño. Desemboca aquí o río Furnia. Nas parroquias de Sobrada e Amorín a práctica da pesca no río Miño (lamprea, meixón, sáballo, salmón, etc.) foi ata recentemente un complemento económico fundamental para a subsistencia de moitas familias.

San Salvador de Tebra contaba en 2024 con 335 habitantes (INE) e componse, segundo o NG, de sete lugares. Mantén desde inicios do século XXI unha poboación semellante (no ano 2000 tiña 322 habitantes (INE)). Limita coas parroquias tomiñesas de Piñeiro, Taborda, Vilameán, Santa María de Tomiño e Barrantes, e coa tudense de Pexegueiro. Sitúase no val de Tebra, xunto coas parroquias de Santa María de Tebra e Vilameán, A fronteira entre San Salvador e Santa María é trazada en boa parte polo río Cereixo. Por esta parroquia pasa a PO-344 (Tomiño-Gondomar).

Segundo a clasificación de Fernández Rei (1991), os puntos dos concellos que imos estudar pertencen á subárea do Miño dentro da macrosubárea Verdugo-Miño, na área pontevedresa, no bloque occidental. Tomiño inclúese dentro da microsubárea do Baixo Miño e Tui dentro da microsubárea da Louriña, como podemos observar na figura 2. As localidades estudadas sitúanse nas zonas fronteirizas entre ambos concellos.




Figura 2. Mapa coa zona das localidades estudadas rodeada en laranxa (entre a microsubárea do Baixo Miño e a microsubárea da Louriña). Tomado de Wikimedia Commons (s.d.). [Map of Galician speaking areas]. Dominio público: <https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Galician_linguistic_areas.PNG?uselang=gl>

A isoglosa que delimita o bloque occidental fronte ao central é a da terminación *-ns* para as palabras agudas acabadas en *-n* (*pantalóns, cans, xardíns*), que coincide en boa medida coas isoglosas da terminación *-án* como resultado tanto para a terminación do latín *-ANU* como para a terminación *-ANA* (*irmán, man, mañán, ran*), a da vogal temática *-e-* na P2 do pretérito de indicativo dos verbos da segunda conxugación (*colleches*), a do seseo posnuclear e a da metafonía nominal de *posto, novo* e *ollo*, que presentan a vogal media fechada [o]. A área pontevedresa delimitáase ao norte pola ausencia de cheísmo. Dentro desta, a macrosubárea do Verdugo-Miño caracterízase polos ditongo *ui* (*muito, truita*), *oi* (*oito, noite*) e *ou* (*couro, vasoura*) e polos demostrativos neutros hipercaracterizados *isto, iso, aquilo*. A subárea do Miño é individualizada fronte á do Verdugo pola inestabilidade de /ε/ tónico procedente dun Ē latino, que tende a ser fechado (*queres, neve, pé, dixese, papel, muller, dez, mel*) e que se pode relacionar coa ditongación de Goián (Tomiño). Debemos destacar que na microsubárea da Louriña, segundo Fernández Rei (1991), pode haber ou non seseo prenuclear, mentres que na microsubárea do Baixo Miño, non.

En canto á situación sociolingüística dos concellos de Tui e Tomiño, os datos do Instituto Galego de Estatística (2023) indican que un 47'73% dos habitantes da área de Pontevedra sur falan galego sempre ou máis galego ca castelán. Se abordamos os datos da lingua habitual por idades na provincia de Pontevedra, comprobamos que, como se aprecia na táboa 1, o uso do galego sempre ou máis do galego que do castelán descende drasticamente desde as xeracións máis vellas ás xeracións máis novas. Os informantes do noso estudo forman parte

fundamentalmente do grupo de 65 anos ou máis (soamente un se encontra no tramo de idade de entre 50 e 64 anos).

TRAMO DE IDADE	PORCENTAXE DE PERSOAS QUE FALAN SEMPRE EN GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN
De 5 a 14 anos	11,58%
De 15 a 29 anos	17,38%
De 30 a 49 anos	29,92%
De 50 a 64 anos	40,42%
De 65 ou máis anos	60,97%

Táboa 1. Persoas que falan en galego sempre ou máis galego ca castelán habitualmente por idade na Provincia de Pontevedra. Elaboración propia a partir de IGE (2023).

1.2. Os subsistemas de sibilantes, o seseo e outros fenómenos relacionados

1.2.1. Os subsistemas de sibilantes: orixe e evolución

Os subsistemas de sibilantes do galego actual teñen a súa orixe no sistema de sibilantes do galego medieval, composto polas consoantes fricativas palatais /ʃ/ e /ʒ/, as fricativas apicoalveolares /s/ e /z/ e as africadas predorsodentoalveolares /ts/ e /dz/ (Mariño Paz, 2017). Este sistema foi sufrindo unha serie de mudanzas que deron lugar aos diferentes subsistemas de sibilantes que estaban operativos cando se recolleron os datos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) no último cuarto do século XX, detallados por González González (1991, 2006) e Fernández Rei (1991) e recollidos sumariamente na táboa 2.

Xa na Idade Media estaban en marcha a desafricación das consoantes africadas predorsodentoalveolares e a desonorización. Estes procesos, que seguiron ritmos e cronoloxías diferentes, quedaron documentados en fontes escritas a través de erros gráficos desde o século XIII (Mariño Paz, 2017).

A desafricación deu lugar ao o subsistema arcaico do galego actual (Fernández Rei, 1991; González González, 1991, 2006), que é o máis próximo do galego medieval. Diferénciase deste pola conversión das africadas predorsodeontoalveolares /ts/ e /dz/ en fonemas fricativos predorsodentais. Nas investigacións do ALGa detectouse este subsistema na Baixa Limia e no galego de Hermisende (Zamora).

O subsistema de transición (Fernández Rei, 1991; González González, 1991, 2006) xorde pola desaparición dos pares sonoros vixentes no sistema arcaico e mantén a oposición entre fricativa apicoalveolar e fricativa predorsodental. Este sistema só se conservaba esporadicamente nalgúns falantes da costa da Coruña e Pontevedra cando se fixeron as investigacións para o ALGa nos anos setenta.

Neste subsistema de transición, a distancia articulatória entre as fricativas /ʃ/ e /s/ é moi pequena, o que supón un problema que se resolveu de dúas maneiras. Unha das solucións consistiu na neutralización da oposición entre as fricativas apicoalveolar e predorsodental, de forma que se optou por unha ou outra. Este proceso de neutralización probablemente comezou antes do século XVI (Mariño Paz, 2017). Como resultado, no galego actual existe o subsistema occidental (González González, 1991, 2006), dentro da cal debemos distinguir unha zona na que /s/ en posición prenuclear se realiza como apicoalveolar e outra na que se realiza predorsodental. A primeira abrangue falas da Ría de Arousa e arredores, mentres que a segunda inclúe puntos da costa da Coruña, das penínsulas do Morrazo e do Salnés, do val do Frago e do Condado (Fernández Rei, 1991).

A outra solución consistiu en aumentar a distancia articulatória entre un son e outro. Como explica Mariño Paz (2017), dado que os problemas de indistinción entre un son e outro se deron en posición prenuclear (as persoas con seseo predorsal só pronuncian [s] en posición de ataque silábico, mentres que en posición de coda pronuncian [ʃ]), a emerxencia da consoante fricativa interdental xorda /θ/ tivo que producirse primeiro en posición prenuclear. Por procesos analóxicos, acabou por ter lugar o paso a /θ/ tamén en posición posnuclear. No que se refire á cronoloxía da aparición da fricativa interdental xorda, nalgúns variedades galegas este cambio xa estaba consolidado no século XVIII.

O subsistema resultante da aparición de /θ/ sería o que algúns estudosos denominan como subsistema do galego común (González González, 1991, 2006), que se caracteriza pola presenza dunha consoante fricativa interdental xorda, que xurdiría debido á interdentalización da fricativa predorsodental. Por tanto, neste sistema poden aparecer en posición prenuclear as sibilantes /ʃ/, /ʃ/ e /θ/. O subsistema do galego común é o que ocupa unha maior extensión xeográfica, pois abrangue a práctica totalidade das provincias de Lugo e Ourense, e unha boa parte da Coruña e de Pontevedra. Con todo, dentro del pódense diferenciar dous microsubsistemas en función das sibilantes que atopamos en posición posnuclear (González González, 1991): un no que pode aparecer o fonema fricativo interdental /θ/ e outro no que só pode aparecer /ʃ/, que sería un estadio intermedio no que xa se verificou a interdentalización en posición de ataque, pero non de coda (Mariño Paz, 2017).

No galego actual tamén existe un subsistema que algúns estudosos denominan como despalatalizador (Fernández Rei, 1991; González González, 1991, 2006), caracterizado pola existencia dun fonema /s/ predorsodental que se corresponde cos fonemas /ʃ/ e /θ/ do galego común, e un fonema /ʃ/ apicoalveolar que se corresponde co fonema /ʃ/ do galego común.

Finalmente, debemos sinalar o que algúns estudosos denominan como subsistema innovador (Fernández Rei, 1991; González González, 1991, 2006), que posúe unha única fricativa sibilante /s/ na que conflúen /f/, /s̺/ e /θ/ do subsistema do galego común. O subsistema despaltalizador e o subsistema innovador rexistráronse nas investigacións do ALGa en puntos da costa da Coruña e Pontevedra e son característicos do falar das xeracións máis novas.

Como destaca Manuel González González (1991), aínda que hai zonas nas que o subsistema de sibilantes é estable, noutras está a sufrir unha transformación profunda e nalgunhas conviven simultaneamente subsistemas diferentes.

SISTEMA DO GALEGO MEDIEVAL		/f/	/s̺/	/ts/
		/ʒ/	/z̺/	/dz/
SUBSISTEMA ARCAICO		/f/	/s̺/	/s/
		/ʒ/	/z̺/	/z/
SUBSISTEMA DE TRANSICIÓN		/f/	/s̺/	/s/
SUBSISTEMA DO GALEGO COMÚN		/f/	/s̺/	/θ/
SUBSISTEMA OCCIDENTAL	APICOALVEOLAR	/f/	/s̺/	
	PREDORSODENTAL	/f/	/s/	
SUBSISTEMA DESPALATALIZADOR		/s̺/	/s/	
SUBSISTEMA INNOVADOR		/s/		

Táboa 2. Subsistemas de sibilantes do galego actual. Elaboración propia a partir de González González (1991, 2006).

1.2.2. O seseo: definición, tipos, xeografía e consideración social

Como explica González González (2006), tradicionalmente os lingüistas pensaban no sistema occidental cando falaban de seseo e referíanse, polo tanto, a unha realidade sen realizacións interdentaís, cun único fonema /s/ que se corresponde cos fonemas /θ/ e /s/ do chamado galego común. De aí que Fernández Rei (1991, p. 212) denomine a este sistema “sistema seseante”, fronte a un “sistema moderno non seseante” que se corresponde co sistema do galego común na denominación de González González (1991, 2006) e dentro do cal sinala unha zona de seseo posnuclear, por non existir /θ/ en posición de coda silábica.

Polo tanto, o termo *seseo* refírese a un sistema de sibilantes caracterizado pola ausencia de [θ], é dicir, por non existir a oposición entre [θ] e [s̺]. Regueira Fernández e Fernández Rei (2025, p. 31) sinalan dous tipos de seseo, un cunha sibilante apicoalveolar e outro cunha sibilante laminoalveolar.

Martínez-Gil (2021) distingue dous tipos de seseo en función dos contextos en que se dá a ausencia da oposición entre /s/ e /θ/: o seseo total e o seseo parcial. O primeiro “enteils the lack of the /s/~θ/ phonemic distinction of the standard variety altogether: they have /s/ instead of /θ/” (Martínez-Gil, 2021, p. 903), mentres que o segundo se refire á situación na que “the standard /s/~θ/ contrast holds in syllable onset [...], but *seseo* is the norm in syllable-final position” (Martínez-Gil, 2021, p. 903). O seseo total refírese a un sistema no que a ausencia de oposición entre os fonemas /s/ e /θ/ é completa, mentres que a denominación *seseo parcial* incide na limitación da distinción a certas posicións e refírese á situación na que a distinción entre /s/ e /θ/ existe en posición prenuclear, pero non en posición posnuclear. O seseo total tamén se coñece como *seseo prenuclear* ou *seseo explosivo* e o seseo parcial recibe os nomes de *seseo posnuclear* ou *seseo implosivo*.

Considerando estas definicións, neste traballo a variable estudada será o son presente naqueles contextos nos que se podería producir a distinción fonémica entre /s/ e /θ/ na variedade que adoita identificarse co galego estándar. En canto á xeografía do seseo, faremos un percorrido polos principais materiais que nos facilitan ver a extensión do fenómeno do seseo en distintos momentos do século XX e centrarémonos especialmente na zona estudada neste traballo.

Alonso Zamora Vicente, en base aos datos que recolleu entre 1942 e 1945 no seu artigo de 1951 “Geografía del seseo gallego”, situaba a totalidade do Baixo Miño dentro da zona de seseo total (figura 3). Con todo, debemos ter en conta que os puntos que visitou na zona foron A Guarda e Tui, e que as apreciacións que fai a respecto do Rosal e Tomiño parecen proceder das impresións dos falantes guardeses a respecto dos seus veciños: “Se cuenta allí el caso de Rosal seseante y de Tomiño ceceante, cuyos vecinos se conocen por eso” (Zamora Vicente, 1986, p. 7). Pola contra, as indicacións a respecto de Tui son claras e recolle exemplos de seseo en posición pre e posnuclear.



Figura 3. Xeografía do seseo no sur de Pontevedra entre os anos 1942 e 1945. Tomado de Zamora Vicente (1986, p. 7)

Outros materiais que nos ofrecen información relevante son o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) e o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa). O primeiro foi un proxecto que abrangía a totalidade das linguas románicas da península e para o que se investigaron 62 localidades do dominio lingüístico galego entre 1934 e 1935. Os traballos de recolección de datos do ALGa realizáronse entre 1974 e 1976, e abrangueron un total de 167 puntos de Galicia e as áreas limítrofes de Asturias, León e Zamora. Ambos os proxectos centraron a súa atención no perfil da dialectoloxía tradicional: falantes de procedencia rural, principalmente homes, con pouca formación e que non pasaran tempadas longas fóra do lugar onde naceran, polo que os seus datos poden ser comparables cos do ALPI, a pesar da diferenza na densidade da rede de puntos. A comparación destes dous materiais feita por Sousa Fernández (2010) permítenos ver o retroceso do seseo total no suroeste de Pontevedra, desde o río Miño cara á costa da ría de Vigo (figura 4). Con todo, e en relación coa zona estudada, debemos ter en conta que só contamos con datos de Tui no ALPI e só contamos con datos de Tomiño, concretamente, do lugar de Vilachán (parroquia de Santa María de Tomiño), no ALGa. Sexa como for, no ALPI estes dous concellos inclúense en área de seseo total, mentres que no ALGa xa quedan fóra.




Figura 4. Xeografía do seseo no ALPI (1934-1935) e no ALGa (1974-1976). Tomado de Sousa Fernández (2010, p. 265)

En cambio, a fronteira do seseo parcial, segundo os datos do ALGa, sitúase máis ao occidente ca a do seseo total e inclúe ambos concellos (figura 5).




Figura 5. Seseo total e parcial segundo os datos do ALGa. Tomado de Fernández Rei (1991, p. 55)

O seseo é, pois, un fenómeno en retroceso na zona do suroeste pontevedrés. A respecto do seseo total, Costas González (2024, p. 10) testemuña a súa desaparición na xente moza na fala de

Vigo: “na xente nova o seseo só o rexistramos en topónimos, alcumes [...] e determinadas formas léxicas”. Por outra banda, Pousa (1987) sinala no seu estudo sobre a fala de Goián (Tomiño), parroquia próxima ás estudadas neste traballo, que aínda que daquela as realizacións con seseo na posición posnuclear eran maioritarias na parroquia, alternaban tamén con realizacións con [θ].

O seseo está recoñecido e aceptado nas *Normas ortográficas e fonolóxicas do idioma galego*, nas que se especifica que o grafema <z> representa os fonemas /θ/ e /s/ e o grafema <k> os fonemas /θ/, /s/ e /k/. Con todo, o seu recoñecemento nas normas non vai acompañado da súa presenza nos usos máis formais. De feito, como sinala Regueira (2014, p. 154), o sistema con /θ/ é o propio da lingua estándar, da educación dos medios de comunicación e doutros ámbitos da vida pública. Aínda así, o seseo ten presenza nalgúns usos públicos como a música, o audiovisual ou o teatro e “existe unha demanda de recoñecemento e ampliación por parte dos seus falantes máis instruídos” (Regueira, 2009, p. 158). Este investigador coloca a presión do estándar do galego e do español, que presentan distinción entre /θ/ e /s/, como unha das causas posibles que explican o abandono nas áreas seseantes do seu sistema tradicional a favor do propio do estándar.

1.2.3. Fenómenos relacionados

Á parte do seseo, existen outros fenómenos relacionados co subsistema de sibilantes, algúns xa comentados na descrición anterior, que foron rexistrados ben na zona estudada neste traballo, ben en lugares próximos no sur de Pontevedra. Estes fenómenos son a palatalización, a aspiración de -s final e o rotacismo. Para entendermos as causas da palatalización, debemos tamén abordar a despalatalización e o ceceo.

A despalatalización é o “avance no punto de articulación do fonema fricativo, palatal, xordo, /ʃ/, que se articula nos alveolos derivando nun sonido primeiro e nun fonema posteriormente fricativo, apicoalveolar, xordo” (Costas González, 2001, p. 101). Este fenómeno, presente en zonas do sistema occidental con realizacións de /s/ predorsais, produce unha sorte de reacción en cadea, de maneira que se teñen lugar outros reajustes no sistema.

Ao achegarse as realizacións de /ʃ/ e /s/, o fonema predorsodental interdentalízase en posición intervocálica, converténdose en predorsointerdental ou interdental. Isto pode estenderse tamén ás posicións non intervocálicas. Na fala da parroquia de Vincios (Gondomar), pode mesmo aparecer en posición inicial absoluta (Costas González, 1986). Este fenómeno, denominado por varios autores como ceceo, consiste na “ausencia no sistema de sibilantes da

realización do fonema /s/ en posición prenuclear ou explosiva e aparición no seu lugar de realizacións interdentalizadas” (Costas González, 2001, p. 101).

Consecuentemente, o sistema reacomódase e prodúcese un “efecto compensatorio” (Costas González, 1986, p. 77, 2001, p. 101): a palatalización de -s posnuclear en palabras afectadas pola despalatalización ou pola interdentalización e tamén ante pausa ou seguido de consoante oclusiva xorda. A palatalización, por tanto, é un “fenómeno recíproco, que consiste no retroceso no punto de articulación do /s/ en posición implosiva –apicoalveolar normalmente en todo o territorio galego– que produce unha realización semipalatalizada ou palatalizada” (Costas González, 2001, p. 101). Costas González (2001) afirma que a palatalización galega nas zonas de seseo predorsal garda un paralelo co seseo posnuclear galego e máis coa palatalización portuguesa, pois a pesar de que “os resultados sexan diverxentes [...] en posición implosiva existiu ou existe preferencia pola realización palatal ou máis próxima da palatal” (Costas González, 2001, p. 104).

Outro fenómeno que é preciso considerar é a aspiración do -s posnuclear final. Rexístrase de maneira esporádica, entre outros lugares, no Val Miñor (Fernández Rei, 1991). A aspiración neste lugar é posible ante consoante oclusiva xorda e ante pausa, isto é, en contextos nos que tamén se pode producir a palatalización (Costas González, 2001).

Por outra banda, debe terse en conta o rotacismo, que se presenta na maior parte da provincia de Pontevedra (Fernández Rei, 1991). Como indica Dubert García (1999, p. 367), “na lingüística galega chámasele rotacismo [...] a un fenómeno que consiste no cambio do segmento fricativo alveolar situado coda da sílaba polos segmentos golpeado alveolar [r] ou aproximante alveolar [ɹ]”. Pode producirse ante consoantes sonoras e fricativas. Como sinala Martínez-Gil (2021, p. 902), “In several non-standard varieties voicing of coda /s/ before voiced consonants is manifested as rhotacism”. Segundo Helena Pousa (1987), na fala de Goián o rotacismo prodúcese frecuentemente ante consoante sonora e esporadicamente ante fricativa, tanto en interior de palabra como en posición implosiva final por fonética sintáctica.

2. Marco teórico

2.1. A dialectoloxía e a xeografía lingüística tradicionais

A análise lingüística da variación espacial naceu vinculada á lingüística histórica da segunda metade do século XIX, aínda que a observación das diferenzas dialectais xa contaba cunha longa tradición previa (Hickey, 2018). A dialectoloxía tradicional xurdiu como instrumento auxiliar para a lingüística histórica, que atopou nos dialectos unha sorte de “documentación viva” (García Mouton, 2015, p. 30) para o estudo de etapas da evolución lingüística sen documentar.

Da man da dialectoloxía naceu a un tempo a xeografía lingüística, pois os investigadores tiñan interese por establecer fronteiras e límites dialectais (García Mouton, 2015) e para iso comezaron a empregar mapas con isoglosas (Hickey, 2018). A xeografía lingüística implica a recolección de datos semellantes nunha rede de puntos nun territorio concreto, o cartografado en mapas dos resultados e a análise destes (García Mouton, 2015). Con todo, aínda que a utilización de isoglosas é útil para presentar unha imaxe da distribución de variantes, estas non poden reflectir a co-ocorrência nin a distribución estatística de variantes en rexións de transición (Hickey, 2018).

Por naceren asociados ao estudo da historia das linguas e mais por unha visión pesimista que supuña que a urbanización e a industrialización suporían a desaparición das variedades rurais, nun primeiro momento os estudos de dialectoloxía e xeografía lingüística centráronse nas variedades máis conservadoras, faladas en áreas xeograficamente illadas, incomunicadas ou afastadas dos centros urbanos, pois eran vistas como “fósiles lingüísticos próximos á desaparición que precisaban ser documentados e estudados” (Sousa & Rodríguez, 2017, p. 245). Ademais, os informantes seleccionados para este tipo de investigacións entraban dentro dun perfil ideal de falante: os NORMs (*nonmobile, older, rural males*), é dicir, homes de idade avanzada que vivisen en zonas rurais e que non pasase tempadas longas fóra do lugar de nacemento (Chambers & Trudgill, 2004, p. 29).

Como sinalan Sousa & Rodríguez (2017), a lingüística histórica maila dialectoloxía tradicionais permitiron enxergar que a variación lingüística, tanto no tempo como no espazo, era sistémica e podía analizarse. Ambas abriron camiño para a aparición nos anos 60 da sociolingüística variacionista, que supuxo unha importante viraxe teórica e metodolóxica que afectou directamente aos estudos de variación dialectal e xeografía lingüística.

2.2. A sociolingüística variacionista

Segundo Chambers (2013), podemos colocar a data de inicio da sociolingüística variacionista en 1963, ano no que William Labov presentou a súa primeira investigación sociolingüística na reunión anual da Linguistic Society of America e publicou o artigo “The social motivation of a sound change”. Este artigo presentaba os resultados dunha investigación feita a comezos dos anos sesenta en Martha’s Vineyard (Massachusetts), na que Labov estudou polo miúdo un cambio que xa observara con anterioridade: a centralización dos ditongos /ay/ e /aw/. As rápidas mudanzas que se estaban dando no panorama social da illa permitiran que as divisións sociais impulsaran a diferenciación das variantes lingüísticas (Hazen, 2007).

Polo tanto, as investigacións sobre a variación e o cambio lingüístico naceron a partir da observación de que de que os falantes realizan escollas ao falar e alternan entre elas e de que a variación é inherente á fala humana (Tagliamonte, 2012). O termo *variable lingüística* foi introducido por Labov para describir os patróns da variación lingüística e refírese a unha unidade lingüística que ten dúas ou máis posibles realizacións. Cada unha destas realizacións denomínase *variante* (Swann et al., 2004).

Co seu estudo sobre Martha’s Vineyard, Labov demostrou que a o cambio lingüístico era observable na variación diacrónica e que estaba conectado ás forzas sociais dunha comunidade (Hazen, 2007). Como explican Hock & Joseph (2009), Labov observou que a difusión da variante centralizada se xeneralizaba en distintos aspectos, tales como o número de falantes que empregaban a variante, o número de palabras nas que aparecía ou os contextos fonéticos nos que ocorría. De acordo con Labov (Hock & Joseph, 2009), o cambio lingüístico prodúcese porque unha determinada variante adquire unha significación social, que pode facer que esta se estenda a novos contextos, tanto lingüísticos como sociais. A antiga e a nova variante viven un período de coexistencia, pois unha non substitúe a outra inmediatamente. Se ese proceso de xeneralización non é interrompido, prodúcese un cambio fonético regular que afecta a todos os posibles casos e a todos os falantes da comunidade.

Segundo Labov (Schilling-Estes, 2007, p. 172; Tagliamonte, 2012, p. 2), o estudo da sociolingüística debe centrarse na fala espontánea e despreocupada, xa que nela se observa con maior claridade a variación lingüística. Este criterio, denominado *vernacular principle*, establece que a fala máis regular na súa estrutura e na súa relación coa evolución da lingua é o vernáculo, caracterizado por unha mínima atención ao discurso propio.

Unha das bases da aproximación á variación desde o punto de vista da sociolingüística variacionista é a análise cuantitativa. Os estudos que empregan este método parten da premisa

de que a variación é sistemática e, por tanto, pode ser abordada desde un punto de vista cuantitativo, pois é posible usar técnicas estatísticas cando existe unha escolla entre dúas ou máis alternativas que pode estar influída por determinados factores (Tagliamonte, 2013).

Neste sentido, deben ser sinalados varios principios fundamentais para a análise cuantitativa da variación lingüística. O primeiro deles é o *principle of accountability*, establecido por Labov. Segundo o este principio:

Any variable form (a member of a set of alternative ways of ‘saying the same thing’) should be reported with the proportion of cases in which the form did occur in the relevant environment, compared to the total number of cases in which it might have occurred. (Labov, 1969, p. 20, 1972, p. 72, en Hazen, 2007, p. 76).

Polo tanto, na análise non pode terse en conta soamente a variante de interese, senón que deben ser consideradas todas as formas relevantes. Desta maneira, a selección dunha ou outra variante pode medirse estatisticamente (Tagliamonte, 2007, 2012). Como sinala Tagliamonte (2012), o número de veces que una variante ocorra depende da cantidade e da natureza dos datos recollidos, polo que para compararmos dous conxuntos de datos necesitamos calcular a proporción de veces que unha variante apareceu fronte á proporción de veces que puido ter ocorrido e obtermos a súa frecuencia.

O obxectivo fundamental da análise cuantitativa da variación lingüística é investigar o comportamento da variable dependente (é dicir, a unidade do sistema que varía) e como se relaciona coas variables independentes, que poden ser externas (sociais) ou internas (lingüísticas) (Tagliamonte, 2007, 2012). En relación a isto, debemos destacar o *principle of quantitative modeling* e o *principle of multiple causes*.

Segundo o *principle of quantitative modeling*, podemos examinar detidamente as formas que adopta unha variable lingüística e observar que características do contexto se producen ao mesmo tempo que estas formas (entendendo como contexto tanto a contorna lingüística como os fenómenos sociais que a arrodean), de maneira que, se contamos con datos suficientes, poderemos facer afirmacións sobre a probabilidade de que unha variante e calquera das características contextuais tidas en conta co-ocorran. Pola súa banda, o *principle of multiple causes* establece que é pouco probable que a variación observada nos datos poida ser explicada por un só factor contextual (Bayley, 2013).

Polo tanto, identificar o contexto da variable é tamén unha tarefa importante, que require que o investigador identifique o conxunto total de ocorrencias nas que o trazo varía, fixándose tanto na distribución das formas como na función lingüística de cada unha. O estudo sistemático

das escollas recorrentes que fai un individuo permite, desta maneira, encontrar os padróns subxacentes que o levan a unha escolla ou outra (Tagliamonte, 2012).

Como xa sinalamos anteriormente, neste traballo as variable dependente estudada será o son presente nos contextos en que no galego estándar aparece /θ/ e teranse en conta principalmente dúas variables independentes: unha externa (a localización xeográfica) e outra interna (a posición dentro da sílaba). Con todo, poderemos facer observacións a respecto doutras variables independentes se os datos o permiten.

2.3. Variación e cambio lingüístico

Nos seus inicios, a sociolingüística variacionista, cuxas primeiras investigacións se centraran nas cidades, non contemplou o espazo como un factor social a ter en conta, fronte a outros que parecían máis imperiosos como a etnia, o xénero ou a clase social (Britain, 2010). Segundo Britain (2010), a minimización do espazo nos primeiros estudos variacionistas puido deberse, por unha banda, a unha reacción ao enfoque “asocial” (p. 144) e predominantemente rural da dialectoloxía tradicional e, pola outra, á idea de que as cidades eran os mellores lugares para encontrar comunidades complexas e heteroxéneas.

En 1980, Jack Chambers e Peter Trudgill publicaron o seu libro *Dialectology*, no que introduciron na dialectoloxía a perspectiva máis ampla da sociolingüística variacionista coa noción de *variación* (Tagliamonte, 2016, p. 78) e presentaron este campo como posible vía futura para a investigación sociolingüística (Britain, 2010). Nesta obra, colocaron ao mesmo nivel a dialectoloxía tradicional e a sociolingüística variacionista ou dialectoloxía urbana, que desde a súa perspectiva eran dúas correntes dunha nova dialectoloxía moderna en cuxos fundamentos se atopaban a metodoloxía, os resultados e a perspectiva sobre a innovación lingüística da sociolingüística (Chambers & Trudgill, 2004).

Como explica Chambers (2013), a dialectoloxía tradicional e a sociolingüística son dialectoloxías (estudos da variación lingüística) nun sentido amplo, e mesmo podemos ver a sociolingüística como unha reorientación da dialectoloxía tradicional que responde a cambios tecnolóxicos e sociais. Actualmente a dialectoloxía acostuma incluírse dentro dunha subdisciplina da lingüística denominada *variación e cambio lingüístico*, que aborda a variación a través do tempo, do espazo e das categorías sociais (Boberg et al., 2018).

Nos anos setenta e comezos dos oitenta, Jack Chambers e Peter Trudgill aplicaron á investigación variacionista unha perspectiva xeográfica. Trudgill explorou a posibilidade de aplicar os métodos cartográficos empregados para representar a variabilidade do comportamento á investigación da variación espacial. A súa proposta consistiu en dividir unha

área en celas, recoller mostras nelas e calcular a frecuencia de uso das diferentes variantes lingüísticas dunha mesma variable en cada unha. Este método permitía establecer comparacións entre as distintas celas e explicar a distribución xeográfica das variantes lingüísticas. Defendeu que este enfoque podía aplicarse para analizar a propagación xeográfica das innovacións lingüísticas (Britain, 2010).

Algunhas das dinámicas que se poden observar no espazo son a converxencia e a diverxencia. A converxencia refírese á redución das diferenzas entre variedades, mentres que a diverxencia fai referencia a un incremento das diferenzas. Con todo, son caras dunha mesma moeda, posto que cando as diferenzas entre unha variedade e a outra se reducen, as diferenzas da primeira con outras variedades pode aumentar (Siebenhaar, 2010). Podemos distinguir entre converxencia vertical e converxencia horizontal. A converxencia vertical refírese ao proceso no cal un trazo lingüístico é substituído por outro que goza dun maior prestixio (Røyneland, 2010). A converxencia horizontal ten lugar cando unha variedade toma un trazo da variedade veciña e converxe con esta, ao tempo que diverxe das outras que manteñen o trazo por ela perdido. Con todo, nos lugares nos que hai unha lingua estándar establecida a miúdo é difícil separar a converxencia horizontal da vertical. Neste sentido, “horizontal convergence in space may be supported by the standard variety, if the standard variety has the same form as the converged-upon dialect” (Siebenhaar, 2010, p. 252). Precisamente, neste traballo a variedade con distinción entre /θ/ e /s/, á parte de atoparse na zona, é máis semellante aos estándares do galego e do castelán ca a variedade sen distinción.

A converxencia e a diverxencia teñen intrinsecamente unha dimensión diacrónica. O estudo do cambio lingüístico no espazo moitas veces non é posible desde unha abordaxe en tempo real (Siebenhaar, 2010), é dicir, comparando datos lingüísticos tomados nun determinado punto nun tempo con datos tomados nese punto nun tempo posterior (Swann et al., 2004). Con todo, o cambio lingüístico no espazo tamén pode evidenciarse sincronicamente. Unha posibilidade é a observación do cambio en tempo aparente (Siebenhaar, 2010), unha aproximación ao cambio lingüístico que consiste na interpretación das diferenzas de persoas de diferentes idades no uso da lingua como indicadores dun cambio lingüístico en marcha. Desta maneira, poden extraerse inferencias sobre a dirección do cambio lingüístico, partindo do presuposto de que os falantes máis novos están máis avanzados no uso de formas lingüísticas innovadoras ca os falantes de máis idade (Swann et al., 2004). Outra posibilidade é a distribución no espazo das variantes, posto que partimos da asunción de que o cambio lingüístico se expande a través do espazo e, polo tanto, a distribución areal reflicte o cambio diacrónico (Siebenhaar, 2010).

3. Metodoloxía

A obtención dos datos para este traballo fíxose mediante a elaboración dun corpus de lingua oral, obtido mediante entrevistas de carácter semidirixido a persoas galegofalantes dos concellos de Tui e Tomiño. Para facer unha selección de informantes empregamos o *judgment sampling*, consistente na preselección do tipo de falante que se incluírá no estudo para despois obter unha cantidade determinada de datos de cada tipo de falante (Schilling-Estes, 2007). Neste caso, decidimos que o noso traballo ía abranguer oito parroquias dos concellos de Tui e Tomiño (catro de cada concello) e que entrevistáramos en cada parroquia a un home e unha muller maiores de 70 anos, aínda que finalmente nunha das parroquias contamos coa participación dun home de sesenta e un.

Para encontrar informantes que encaixasen co perfil que preestablecemos empregamos principalmente o método “friend of a friend” (Milroy, 1987, en Schilling-Estes, 2007, p. 179), isto é, entramos en contacto coa maioría dos informantes por medio de terceiras persoas (amigos, veciños, familiares...) que serviron de nexo e que gardaban algún tipo de relación coa persoa entrevistada e coa investigadora. Desta maneira, foi presentada aos entrevistados por esa terceira persoa como a súa amiga, veciña, sobriña, filla, neta, etc. Un dos obxectivos deste método é que a persoa investigadora non sexa considerada polos entrevistados unha descoñecida, de maneira que se poida obter un discurso máis natural.

As entrevistas foron gravadas coa intención de poder escoitar as gravacións as veces que sexan necesarias e identificar e contabilizar cada aparición da variable, para cumprir o *Principle of Accountability*. Con todo, o feito de gravar fai que o investigador se enfrente ao chamado *paradoxo do observador* (Labov, 1972, en Schilling-Estes, 2007, p. 172): a espontaneidade do discurso da persoa entrevistada pode diminuír polo feito de saber que está sendo gravada. Co fin de paliar o máximo posible este efecto, tomamos varias decisións que detallamos a continuación.

As nosas entrevistas seguiron os principios da entrevista sociolingüística conceptualizada orixinalmente por Labov e cuxo obxectivo fundamental é achegarse o máximo posible a unha conversa informal e casual, seguindo o *vernacular principle* (Schilling-Estes, 2007, p. 172). Este tipo de entrevistas é adecuado para o estudo de variables que poden ocorrer de maneira frecuente, como por exemplo, as fonéticas (Feagin, 2013, p. 26).

A entrevista sociolingüística está menos estruturada ca unha enquisa. Mentres que na enquisa as preguntas están preestablecidas, fórmulanse nunha orde determinada e buscan respostas breves e directas, a entrevista sociolingüística é máis flexible, xa que o que se busca

é obter mostras amplas de discurso (Milroy & Gordon, 2003 en Krug & Sell, 2013, p. 70). Para conseguir isto, deben seleccionarse temas sobre os que se considere que as persoas entrevistadas responderán sen sentirse ofendidas e sen reservas ao falar sendo gravadas, e sobre os que teñan unha opinión ou poidan construír unha narrativa (Llamas, 2018).

Co fin de conseguir un discurso o máis informal posible, optamos por un cuestionario estruturado en áreas temáticas pensadas para que a conversa fluíse de maneira natural, de xeito que prestasen a menor atención posible ao feito de estaren a ser gravados. Cando xurdiron temas non incluídos no cuestionario pero polos que o entrevistado mostrou interese, animouse ao entrevistado a continuar falando sobre esa cuestión (Schilling-Estes, 2007). Ademais, procuramos seguir a estratexia fundamental da entrevista sociolingüística: recoñecer a posición de superioridade dos informantes e mostrarnos como aprendices, de maneira que se sentisen importantes para o proxecto (Labov, 1984 en Schreier, 2013, p. 28).

Por iso, e tendo en conta os perfís dos nosos entrevistados, optamos por temas relacionados con aspectos da vida rural, da súa infancia e xuventude, e tamén cos seus oficios, pois consideramos que son temas dos que teñen un coñecemento amplo e que lles proporcionarían non só unha sensación de seguridade, senón tamén de autoridade. Eses temas foron a matanza do porco, os animais, os cultivos e a alimentación, as festas parroquiais e outras formas de ocio, así como os oficios. Cada tema incluía unha serie de preguntas para suscitar a conversa, pero tomáronse só como guía para a entrevistadora, que procurou sempre tirar dos fíos deixados polas persoas entrevistadas¹. De feito, houbo temas non previstos polos que os informantes mostraron interese e que foron o obxecto da entrevista (contos, anécdotas, historias sobre sucesos que tiveran lugar na parroquia, etc.). Cabe mencionar tamén que as primeiras entrevistas axudáronos a obter máis información sobre as temáticas seleccionadas e usamos esta información ao noso favor nas seguintes (por exemplo, mediante formulacións do tipo: “en [lugar] contáronme que facían chourizos de masa, aquí facíanse?” ou “onde vivo eu ían lavar as tripas ao muíño, vós onde as lavabades?”).

Outra cuestión importante tida en conta á hora de elaborar o cuestionario e facer as entrevistas foi que se puidesen obter información sobre as variables tidas en conta. Preocupábanos especialmente a obtención de datos para a variable en posición posnuclear, dado o reducido número de palabras de uso común nas que esta pode aparecer. Por iso fixemos unha busca de palabras rematadas en /θ/ no considerado galego estándar que puidesen xurdir de maneira espontánea ao evocar determinados temas e facer determinadas preguntas. Con todo,

¹ O cuestionario empregado para as entrevistas pode consultarse no Anexo 1

as entrevistas deron neste sentido bos resultados. Por unha banda, o tema da matanza do porco asegurounos que puidésemos obter datos sobre esta variable, pois preguntamos polas comidas que se facían neses días e na zona o habitual é comer *arroz de porco* o día da desfeita. Tamén foi frutífero falar de cuestións que implicasen dicir números (por exemplo, o prezo das cousas antigamente, os salarios, que idade tiñan cando fixeron unha determinada cousa, etc.), pois a resposta podía incluír a palabra *dez*, ou sobre a maneira que tiñan de iluminarse cando facían determinada actividade (por exemplo, ir ao muíño, ir ás festas a pé, etc.), coa expectativa de que dixesen a palabra *luz*.

Ás persoas entrevistadas informámolas previamente de que participarían como informantes nun Traballo de Fin de Grao sobre o galego da zona, pero non revelamos as variables estudadas até a finalización das entrevistas. Para tentar que prestasen a menor atención posible a que estaban a ser gravados usamos un pequeno micrófono de solapa sen cable, de maneira que puidesen estar cómodos e moverse libremente, e non necesariamente nunha mesa fronte ao teléfono móbil, que de feito foi gardado para que non estivese á vista. Por outra banda, o micrófono de solapa tamén permitiu captar claramente a voz das persoas entrevistadas e que as voces circundantes se escoitasen en segundo plano.

Todas as persoas entrevistadas deron o seu consentimento expreso a ser gravados ao inicio da gravación. Así mesmo, asinaron un consentimento informado no que aceptaban ser gravados e que os datos recollidos se usasen exclusivamente con fins académicos e no eran informados de que a súa identidade sería protexida mediante a anonimización dos datos. Na táboa 3 recóllese o listado das persoas informantes co seu correspondente identificador e os seus datos básicos: parroquia de nacemento e residencia, ano de nacemento e idade, xénero, estudos e profesión. En vista da diferenza de idade entre o informante máis novo (61) e a informante máis vella (94), teremos en conta tamén a idade como un factor de análise.

PARROQUIA		ANO DE NACEMENTO / IDADE	XÉNERO	ESTUDOS	PROFESIÓN
Pazos de Reis	Pa1	1930 / 94	muller	Primarios	Ama de casa e labrega
	Pa2	1949 / 75	home	Primarios	Albanel
Randufe	Ra1	1944 / 80	muller	Primarios (sen rematar)	Ama de casa e labrega
	Ra2	1945 / 79	home	Primarios	Albanel
Areas	Ar1	1942 / 82	muller	Primarios (sen rematar)	Ama de casa e labrega

	Ar2	1942 / 82	home	Primarios	Soldador e empresario metalúrxico
Malvas	Ma1	1953 / 71	muller	Primarios	Ama de casa e labrega
	Ma2	1964 / 61	home	FP	Canteiro
Pexegueiro	Pe1	1946 / 78	muller	Primarios	Empregada do fogar e ama de casa
	Pe2	1947 / 77	home	Primarios	Carpinteiro, encofrador e operario na industria automobilística
Sobrada	So1	1936 / 89	muller	Sen estudos	Ama de casa e labrega
	So2	1945 / 79	home	Primarios	Operario na industria automobilística
Amorín	Am1	1945 / 79	muller	Primarios	Ama de casa
	Am2	1943 / 81	home	Primarios (sen rematar)	Zapateiro, pescador e labrego
San Salvador de Tebra	Te1	1940 / 85	muller	Primarios (sen rematar)	Labrega
	Te2	1934 / 91	home	Primarios (sen rematar)	Labrego

Táboa 3. Información básica dos informantes

Dado que o interese principal deste traballo é analizar a variación existente en canto ás variables relacionadas co seseo para analizar a extensión do fenómeno nas localizacións seleccionadas, á hora de transcribir os datos optamos por non distinguir entre realizacións seseantes con fricativa predorsal e con fricativa alveolar, polo que representamos todas as variantes seseantes mediante [s]. As distintas ocorrencias foron anotadas nunha folla de Excel² tras a escoita dos audios das entrevistas. Á hora de contabilizar as ocorrencias das distintas variantes en Excel, decidimos realizar un rexistro separando as mostras en posición prenuclear das mostras en posición posnuclear. Cómpre sinalar tamén que optamos por contabilizar castelanismos asentados na lingua popular, topónimos e apelidos, así como nomes de empresas instaladas desde hai varias décadas na zona. Non tivemos en conta as variantes que algúns informantes produciron ao reproducir en estilo directo fragmentos de discurso en castelán doutras persoas.

² Pódese consultar a folla de datos en Excel no Anexo 2

4. Resultados

Neste apartado presentaremos os datos que rexistramos nesta investigación. Primeiro, ofreceremos unha análise dos datos parroquia por parroquia e despois unha análise conxunta, sempre separando a posición prenuclear da posnuclear. Preséntase unha táboa co número de ocorrencias por parroquia en cada informante e no total, así como unha gráfica con esta información en porcentaxes. Tamén se bota man de exemplos ilustrativos das distintas variantes. Na análise conxunta móstranse gráficos e mapas que nos permiten comparar a información obtida nas distintas localizacións³.

Os informantes preséntanse a través dos identificadores sinalados na táboa 3, é dicir, a través das dúas primeiras letras do nome da súa parroquia e cos números 1 ou 2, sendo o 1 as mulleres e o 2 os homes. Ademais, recordamos que todas as variantes seseantes se presentan mediante [s], con independencia da súa realización fonética, as non seseantes mediante [θ] e o rotacismo mediante [r].

Por outra banda, en canto ao rotacismo debemos ter en conta que é un fenómeno que ten lugar en posición posnuclear ante consoantes sonoras ou fricativas xordas, polo cal en lugar dunha fricativa alveolar aparece unha realización rótica. Presuponse, polo tanto, a existencia dun /s/ nese contexto e refírese a unha situación de competencia entre [r] e [s] exclusivamente. Á hora de analizar o rotacismo prescindiremos, polo tanto, das ocorrencias nas que se rexistrou a variante [θ] ante consoante sonora e ante fricativa xorda. Hai que destacar que neste traballo non se abordan todas as ocorrencias nas que [r] e [s] compiten, senón soamente aquelas que se corresponden coa variable obxecto de estudo (o son presente nos contextos nos que podería producirse a distinción fonémica entre /s/ e /θ/ na variedade que adoita identificarse co galego estándar).

4.1. Pazos de Reis

Na parroquia de Pazos de Reis recolléronse un total de 204 ocorrencias en posición prenuclear e un total de 12 en posición posnuclear (táboa 4).

³ As gráficas móstranse en porcentaxes (sobre 100) e os mapas en valor normalizado (sobre 1)

	Pa1 (94)		Pa2 (75)		Total	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	4	0	94	2	98	2
[s]	93	5	13	4	106	9
[r]	0	1	0	0	0	1
Ocorrencias totais	97	6	107	6	204	12


Táboa 4. Número de variantes rexistradas en cada posición en Pazos de Reis

Como se recolle na gráfica 1, en Pazos de Reis, tanto en posición prenuclear como posnuclear, as ocorrencias con [s] son maioritarias. Con todo, ao comparar os dous informantes, apréciase diferenzas significativas nas porcentaxes. A informante Pa1, de noventa e catro anos, usa [s] nun 96% dos casos e só presenta [θ] no 4% das ocorrencias, das que algúns exemplos corresponden a palabras de uso culto ([θ]ervical). En cambio, o informante Pa2, de setenta e cinco anos, usa [θ] no 88% das ocasións e só presenta [s] nun 12%, fundamentalmente nalgunhas formas do verbo *facer* e as palabras [s]entea, [s]errado, chouri[s]os, ve[s]es e apare[s]eu. Aínda así, tamén se rexistran formas do verbo *facer* con [θ] e a canda [s]entea, chouri[s]os e apare[s]eu recóllense [θ]enteo, chouri[θ]os e apare[θ]eu.

En posición posnuclear, a informante Pa1 usa [s] nun 83% das ocorrencias, mentres que o 17% restante se corresponde cunha realización con [r]. Apréciase que as realizacións con [s] aparecen diante de consoante xorda (*arro[s] xa, i[s]quierda*) e ante pausa (*arro[s], ve[s]* e *Rodrigue[s]*). A única ocorrencia con rotacismo produciuse ante consoante sonora (*capa[r] de*). Non se rexistrou rotacismo ante fricativa xorda, xa que, como se mostra na táboa 5, na única ocorrencia neste contexto apareceu [s]. En contraste, o informante Pa2 utiliza [θ] nun 33% dos casos, en contextos comparables cos das ocorrencias con [s]: ante consoante xorda (*arro[θ] con, arro[s] comíase, ve[s] cada, ve[s] que*), ante vogal (*ve[θ] en cando*) e ante pausa (*ve[s]*). Non obtivemos no caso do informante Pa2 ningunha ocorrencia ante consoante sonora nin ante fricativa xorda, contextos nos que podería producirse rotacismo.

	Pa1 (94)		Pa2 (75)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	0	1	0	0
[r]	1	0	0	0
Ocorrencias totais	1	1	0	0

Táboa 5. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Pazos de Reis



Gráfica 1. Porcentaxes das ocorrencias das distintas variantes en Pazos de Reis

Os datos indican unha diferenza xeracional significativa na presenza do seseo en Pazos de Reis. A informante de maior idade presenta un claro caso de seseo total, xa que a ausencia de oposición entre [s] e [θ] é xeneralizada en todas as posicións. En cambio, o informante máis novo presenta un uso maioritario de [θ] en posición prenuclear e minoritario en posición posnuclear. Polo tanto, o seseo prenuclear, predominante na informante máis vella, está en retroceso, mentres que [θ] se atopa en expansión, tamén de maneira incipiente en posición posnuclear.

4.2. Randufe

En Randufe recolléronse 225 ocorrencias en posición prenuclear e 22 en posición posnuclear (táboa 6).

	Ra1 (80)		Ra2 (79)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	30	1	48	2	78	3
[s]	77	8	70	8	147	16
[r]	0	0	0	3	0	3
Ocorrencias totais	107	9	118	13	225	22

Táboa 6. Número de variantes rexistradas en cada posición en Randufe


Segundo os datos rexistrados, en Randufe as realizacións con [s] son as máis comúns tanto en posición prenuclear como en posición posnuclear. Os datos da informante Ra1 e do informante Ra2, de oitenta e setenta e nove anos respectivamente, son bastante semellantes, aínda que a informante Ra1 presentou unha maior porcentaxe de realizacións seseantes en ambas posicións, como se pode observar na gráfica 2.

En posición prenuclear, a informante Ra1 presenta [θ] nun 28% das ocorrencias, algunhas veces en palabras nas que noutras ocasións emprega [s]: formas dos verbo *facer* e *cocer* con [θ] e [s], *enton[θ]es* e *enton[s]es*. O informante Ra2, pola súa banda, usa [θ] nun 41% das ocasións, tamén moitas veces en palabras que noutros casos realiza con [s]: formas dos verbos *facer* e *cocer*, *cora[θ]ón* e *cora[s]ón*, *ve[θ]es* e *ve[s]es*, *a[θ]úcar* e *a[s]úcar*, *dul[θ]e* e *dul[s]e*, *matan[θ]a* e *matan[s]a*, *vinte[θ]inco* e *vinte[s]inco*.

En posición posnuclear a tendencia cara ao seseo é maior. Observamos na informante Ra1 unha realización con [θ] en *arro[θ]* ante pausa, mentres que nas demais ocorrencias presenta [s], tanto ante consoante xorda (*paré[s] que*) como sonora (*ve[s] de volta*), ante vogal (*lu[s] e iso*, *ve[s] e duraba*) e ante pausa (*arro[s]*). Como vemos na táboa 7, non rexistramos nesta informante ningunha realización con rotacismo, malia documentarse unha ocorrencia ante consoante sonora (non se rexistraron ocorrencias antes de fricativa xorda, outro contexto no que sería posible a aparición de rotacismo). Pola súa banda, o informante Ra2 presenta [θ] ante pausa en *arro[θ]* e ante consoante sonora en *rapa[θ] de*. A variante [s] recóllese en contextos semellantes aos de Ra1: ante consoantes xordas (*ve[s] que*, *rapa[s] que*) e sonoras (*arro[s] levaba*, *de[s] de últimas*), vogais (*ve[s] arriba*, *de[s] últimas*) e pausa (*arro[s]*, *rapa[s]*). Presentou [r] ante consoante sonora en tres ocorrencias (*de[r] mil*) das catro en que podería ter aparecido, pois como vemos nos exemplos, neste contexto tamén se rexistrou [s]. Non se documentaron ocorrencias ante fricativa xorda.

	Ra1 (80)		Ra2 (79)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	1	0	1	0
[r]	0	0	3	0
Ocorrencias totais	1	0	4	0

Táboa 7. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Randufe



Gráfica 2. Porcentaxes das distintas variantes en Randufe

En conxunto, os datos mostran que a tendencia en ambos informantes en Randufe é o seseo tanto en posición prenuclear como en posición posnuclear. Con todo, apréciase que a presenza de [θ] é maior despois ca antes do núcleo silábico.

4.3. Areas

Na parroquia de Areas recolléronse un total de 205 ocorrencias da variable en posición prenuclear e 22 en posición posnuclear (táboa 8).

	Ar1 (82)		Ar2 (83)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	13	0	108	6	121	6
[s]	82	13	2	2	84	15
[r]	0	1	0	0	0	1
Ocorrencias totais	95	14	110	8	205	22

Táboa 8. Número de variantes rexistradas en cada posición en Areas


Como podemos apreciar na gráfica 3, en Areas rexistrouse unha moi desigual presenza dos sons [s] e [θ] en dous informantes de exactamente a mesma idade (oitenta e dous anos). A informante Ar1 presenta en posición prenuclear [s] nun 82% das ocorrencias. A presenza de [θ] redúcese a un 14% que se corresponde coas palabras *co[θ]ido*, *chouri[θ]os*, *[θ]erdo*, *dul[θ]e*, *tro[θ]iño* e con formas dos verbos *cocer* e *facer*. Con todo, foron rexistradas tamén con [s] as

palabras *co[s]ido*, *chouri[s]os* e formas do verbo *facer*. O informante Ar2 presenta [θ] en posición prenuclear nun 98% das ocorrencias e só foi rexistrada a realización [s] nun 2%. As palabras recollidas con [s] foron *ca[s]apo* e *fillo[s]eira*. Con todo, a base da que deriva este último substantivo foi rexistrada con [θ] (*fillo[θ]as*).

En posición posnuclear a informante Ar1 presenta [s] nun 98% das ocorrencias, ante consoante xorda (*de[s] xa tiña*, *ve[s] faser*), consoante sonora (*lu[s] nincunha*, *lu[s] na casa*, *lu[s] de noite*, *lu[s] nin aghua*) e pausa (*arro[s]*, *de[s]*, *ve[s]*). Non se rexistrou ningunha forma ante vogal. O son [r], como vemos na táboa 9, aparece só nunha ocasión ante consoante sonora (*arro[r] levaba*) das seis ocorrencias rexistradas nas que podería aparecer nesta situación, e ningunha ante fricativa xorda, aínda que se recolleron dúas ocorrencias neste contexto, como podemos comprobar nos exemplos anteriores. En posición de coda silábica Ar2 presenta [θ] de maneira maioritaria cun 75%, pero [s] aparece no 25% dos casos, nunha maior porcentaxe ca en posición prenuclear. O son [θ] aparece ante consoante xorda (*ve[θ] que*) e ante pausa (*ve[θ]*, *arro[θ]*), mentres que [s] só se recolleu ante pausa (*arro[s]*). Para Ar2 non se documentaron ocorrencias ante consoante sonora nin ante fricativa xorda, contextos nos que podería ser posible o rotacismo.

	Ar1 (82)		Ar2 (82)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	5	2	0	0
[r]	1	0	0	0
Ocorrencias totais	6	2	0	0

Táboa 9. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Areas



Gráfica 3. Porcentaxes das distintas variantes en Areas

Comprobamos que nesta parroquia os datos totais mostran unha presenza considerable de seseo en posición pre e posnuclear. Con todo, as diferenzas entre os dous informantes respecto ás porcentaxes son grandes e parecen indicar que conviven os sistemas con e sen seseo en falantes da mesma idade.

4.4. Malvas

Na parroquia de Malvas rexistráronse 174 ocorrencias en posición prenuclear e 35 en posición posnuclear (táboa 10).

	Ma1 (71)		Ma2 (60)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	25	1	7	0	32	1
[s]	73	20	69	9	142	29
[r]	0	4	0	1	0	5
Ocorrencias totais	98	25	76	10	174	35

Táboa 10. Número de variantes rexistradas en cada posición en Malvas


Como vemos na gráfica 4, en Malvas son maioritarias as realizacións con [s] tanto en posición prenuclear como en posición posnuclear. A informante Ma1, de setenta e un anos, usa [s] nun 74% dos casos en posición prenuclear, mentres que mostra [θ] nun 26% das ocorrencias, que se corresponden fundamentalmente con formas dos verbos *dicir* e *facer*, e coas palabras *co[θ]ido*, *[θ]inco*, *muiden[θ]as*, *dul[θ]e*, *pare[θ]ido*, *co[θ]iña* e *caro[θ]o*. Con todo, algúns

destes exemplos de realizacións con [θ] tamén foron recollidos con [s] (formas do verbo *facere* e *dul[s]e*). Ademais, cabe destacar que esta informante presenta [θ] en contextos que non se corresponden coa variable obxecto de estudo (*facían[θ]e*, *a[θ]i*). Estamos, pois, ante dous exemplos de realizacións ceceantes. O informante Ma2, de sesenta e un anos, presenta [s] nun 91% das ocorrencias, fronte a un 9% con [θ]. Algunhas das palabras que recollidas con [θ] foron tamén recollidas con [s] (formas do verbo *facere*; [θ]erramento e [s]erramento).

En posición posnuclear, só a informante Ma1 presentou algunha realización con [θ] (*arro[θ]* ante pausa), que se corresponde cun 4% das ocorrencias totais. Nos demais casos, presenta [s] nun 80% das ocorrencias: ante consoante xorda (*me[s]clado*, *arro[s] chamabámoslle*, *ve[s] porque*) e ante sonora (*raí[s] de*), ante vogal (*ve[s] alá arriba*, *ve[s] aquel*, *ve[s] iso*) e ante pausa (*arro[s]*, *ve[s]*, *lu[s]*, *nari[s]*). A variante [r] aparece no 16% restante. O rotacismo, como se observa na táboa 11, documéntase ante consoante sonora en catro ocorrencias (*arro[r] dulce*, *raí[r] diso*), pero non en todas as posibles, pois tamén se rexistra neste contexto unha realización coa variante [s]. Non se rexistrou ningunha ocorrencia ante fricativa xorda nesta informante, contexto no que podería ser posible a aparición de rotacismo. O informante Ma2 non presenta [θ] en ningunha ocorrencia. Nun 90% dos casos presenta [s], ante consoante xorda (*i[s]quierda*, *ve[s] que*, *de[s] pedras*, *rapa[s] si*), ante vogal (*ve[s] á colocación*, *ve[s] en cando*, *Lópe[s] alí*) e ante pausa (*andalu[s]*, *rapa[s]*). O 10% restante correspóndese cunha realización con [r] ante consoante sonora (*capa[r] de*). A pesar de rexistrarse unha ocorrencia ante fricativa xorda, non se recolleu rotacismo neste contexto.

	Ma1 (71)		Ma2 (61)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	1	0	0	1
[r]	4	0	1	0
Ocorrencias totais	5	0	1	1

Táboa 11. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Malvas



Gráfica 4. Porcentaxes das distintas variantes en Malvas

No conxunto, apreciamos que o seseo é nesta parroquia un fenómeno moi maioritario en ambas posicións e que a comparación entre os dous informantes, que se levan dez anos de diferenza, non indica un retroceso do fenómeno por idade. Polo tanto, en Malvas a tendencia é o seseo total.

4.5. Pexegueiro

Na parroquia de Pexegueiro rexistráronse 154 ocorrencias en posición prenuclear e 13 en posición posnuclear (táboa 12).

	Pe1 (78)		Pe2 (77)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	86	0	68	0	154	0
[s]	0	5	0	5	0	10
[r]	0	2	0	1	0	3
Ocorrencias totais	86	7	68	6	154	13


Táboa 12. Número de variantes rexistradas en cada posición en Pexegueiro

Na parroquia de Pexegueiro, como vemos na gráfica 5, en posición prenuclear, o son [θ] aparece no 100% das ocorrencias en ambos informantes. En cambio, non se rexistra [θ] en posición posnuclear. Na informante Pe1, de setenta e oito anos, recollemos un 71% de ocorrencias con [s] ante vogal (*ve[s] unha*) e ante pausa (*arro[s], de[s]*), mentres que o 29% restante se corresponde con dúas ocorrencias con [r] ante consoante sonora (*de[r] da mañán*,

arro[r] non). Polo tanto, non se rexistrou [s] ante consoante sonora, como vemos na táboa 13. O informante Pe2, de setenta e sete, presenta [s] nun 83% das ocorrencias, ante consoante xorda (*me[s]clada*), ante vogal (*arro[s] inda, de[s] ou doce, ve[s] en cuando*) e ante pausa (*de[s]*), e nun 17% a variante [r] nunha ocorrencia ante consoante sonora (*arro[r] non*) (a variante [s] non apareceu neste contexto). Non se rexistrou en ningún dos informantes de Pexegueiro ningunha ocorrencia da variable en posición posnuclear ante fricativa xorda, contextos nos que podería ser posible a aparición de [r].

	Pe1 (78)		Pe2 (77)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	0	0	0	0
[r]	2	0	1	0
Ocorrencias totais	2	0	1	0

Táboa 13. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Pexegueiro



Gráfica 5. Porcentaxes das distintas variantes en Pexegueiro

En conxunto, vemos claramente a partir dos datos que en Pexegueiro os informantes non mostran seseo prenuclear, posto que en todas as ocorrencias nesta posición foi rexistrado o son [θ], pero si seseo posnuclear.

4.6. Sobrada

Na parroquia de Sobrada rexistráronse 347 ocorrencias en posición prenuclear e 42 en posición posnuclear (táboa 14).

	So1 (89)		So2 (79)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	153	0	194	3	347	3
[s]	0	12	0	20	0	32
[r]	0	0	0	7	0	7
Ocorrencias totais	153	12	194	30	347	42


Táboa 14. Número de variantes rexistradas en cada posición en Sobrada

Como se observa na gráfica 6, na parroquia de Sobrada en posición prenuclear ambos informantes presentan sempre [θ]. En posición posnuclear a maioría das ocorrencias teñen [s]. A informante So1, de oitenta e nove anos, presenta [s] en todas as ocorrencias, ante consoante xorda (*me[s]clada, me[s]clábase, me[s]clados, me[s]clado, arro[s] con*), ante consoante sonora (*arro[s] díos mío*) e ante pausa (*arro[s], ve[s], de[s]*). Como se reflicte na táboa 15, non se rexistrou ningunha realización con [r], a pesar de que se recolleu unha ocorrencia da variable antes de consoante sonora. Tampouco se recolleu ningunha ocorrencia precedida de fricativa xorda, outro contexto no que sería posible a aparición de rotacismo.

Pola súa banda, o informante So2, de setenta e nove anos, presenta un 10% de ocorrencias con [θ], ante consoante sonora (*lu[θ] de obras, ve[θ] de te bañar*) e ante vogal (*ve[θ] a unha*). O 67% das ocorrencias correspóndense con realizacións con [s] ante consoante xorda (*de[s] por, arro[s] preparado*), ante vogal (*de[s] anos, arro[s] está, arro[s] ou non, arro[s] hai, arro[s] en blanco, ve[s] o arros, ve[s] a Tomiño, arro[s] e comíase*) e ante pausa (*arro[s], ve[s]*). O 23% restante correspóndese con sete ocorrencias con [r], todas elas ante consoante sonora (*arro[r] de porco, arro[r] leva, arro[r] bo*). Diante de consoante sonora non apareceu en ningunha ocasión a variante [s]. Tampouco se documentaron neste informante casos ante fricativa xorda.

	So1 (89)		So2 (79)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	1	0	0	0
[r]	0	0	7	0
Ocorrencias totais	1	0	7	0

Táboa 15. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Sobrada



Gráfica 6. Porcentaxe das distintas variantes en Sobrada

Polo tanto, os datos indican que en Sobrada os falantes distinguen entre [θ] e [s] en posición prenuclear, mentres que en posición posnuclear a norma xeral é o seseo. Isto é, é unha parroquia con seseo posnuclear, sen que haxa diferenzas considerables entre ambos informantes a pesar da diferenza de idade.

4.7. Amorín

En Amorín rexistráronse 189 ocorrencias en posición prenuclear e 20 en posición posnuclear (táboa 16).

	Am1 (79)		Am2 (81)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	121	7	68	1	189	8
[s]	0	4	0	5	0	9
[r]	0	0	0	3	0	3
Ocorrencias totais	121	11	68	9	189	20

Táboa 16. Número de variantes rexistradas en cada posición en Amorín


Como vemos na gráfica 7, en Amorín ambos os informantes presentan sempre [θ] en posición prenuclear. En posición posnuclear a informante Am1, de setenta e nove anos, presenta ocorrencias con [θ] de maneira maioritaria, nun 64% dos casos, ante consoante xorda (*ve[θ] que*), ante vogal (*arro[θ] e así*) e ante pausa (*ve[θ]*, *arro[θ]*). Utiliza [s] nun 36% das ocorrencias, ante consoante xorda (*me[s]clala*, *me[s]clabas*), ante vogal (*de[s] ou once*) e ante

pausa (ve[s]). Como se ve na táboa 17, non se rexistrou ningunha ocorrencia ante consoante sonora nin ante fricativa xorda, contextos nos que sería posible a aparición de [r].

Pola súa banda, o informante Am2, de oitenta e un anos, usa [θ] nun 11% do total, nunha ocorrencia ante consoante xorda (ve[θ] fun). No resto dos casos, presenta [s] nun 56%, ante vogal (arro[s] así, ve[s] en cuando) e ante pausa (arro[s]). Rexistrouse a variante [r] nun 33% das ocorrencias, en tres ocasións ante consoante sonora (arro[r] levaba, de[r] mil) e en ningunha ante fricativa xorda, contexto en que tampouco se rexistrou [s].

	Am1 (79)		Am2 (81)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	0	0	0	0
[r]	0	0	3	0
Ocorrencias totais	0	0	3	0

Táboa 17. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en Amorín



Gráfica 7. Porcentaxe de ocorrencias das distintas variantes en Amorín

Compróbase, polo tanto, que os informantes estudados en Amorín distinguen sempre en posición prenuclear e aínda que teñamos seseo posnuclear, atopamos tamén unha porcentaxe considerable de realizacións con [θ] nesta posición, nomeadamente na informante Am1.

4.8. San Salvador de Tebra

Na parroquia de San Salvador de Tebra rexistramos 124 ocorrencias en posición prenuclear e 15 en posición posnuclear (táboa 18).

	Te1 (85)		Te2 (91)		Ambos	
	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear	Posición prenuclear	Posición posnuclear
[θ]	57	2	65	0	122	2
[s]	0	4	2	8	2	12
[r]	0	1	0	0	0	1
Ocorrencias totais	57	7	67	8	124	15


Táboa 18. Número de variantes rexistradas en cada posición en San Salvador de Tebra

Segundo comprobamos na gráfica 8, en Tebra son maioritarias as realizacións con [θ] en posición prenuclear. Só se recollen dúas ocorrencias con [s] no informante Te2, de noventa e un anos: *fillo[s]as* e o seu derivado *fillo[s]eiras*. Esta última palabra é a mesma que se rexistrou con seseo no informante de Areas Ar2, que coma Te2, presentaba de maneira moi maioritaria realizacións con [θ]. A informante Te1, de oitenta e cinco anos, non usou estas palabras durante a entrevista, polo que non podemos comparar entre un e outro para saber se se trata dun uso lexicalizado con seseo.

En canto á posición posnuclear, a informante Te1 presenta [θ] nun 29% das ocorrencias, ante vogal (*de[θ] ou doce*) e ante pausa (*arro[θ]*). Nos demais casos, presenta [s] nun 57%, ante consoante sonora (*ve[s] marchamos, ve[s] viñamos*), ante vogal (*ve[s] ali*) e ante pausa (*lu[s]*), mentres que presenta [r] nun 14% do total das ocorrencias, que se corresponden cunha realización ante consoante sonora (*arro[r] de porco*) do total de tres ocorrencias ante consoante sonora, pois como se aprecia táboa 19, tamén se rexistra [s] neste contexto. Non se recolleu ningunha ocorrencia ante consoante fricativa xorda. O informante Te2, presenta [s] en todas as ocorrencias, diante de consoante xorda (*ve[s] tocaba, ve[s] toda, ve[s] que*), ante vogal (*de[s] ou doce, lu[s] eléctrica, lu[s] era, ve[s] estaba*) e ante pausa (*ve[s]*). Non se recolleu ningunha ocorrencia ante consoante sonora nin ante fricativa xorda, contextos nos que sería posible a aparición de rotacismo.

	Te1 (85)		Te2 (91)	
	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda	Ante consoante sonora	Ante fricativa xorda
[s]	2	0	0	0
[r]	1	0	0	0
Ocorrencias totais	3	0	0	0

Táboa 19. Número de ocorrencias en posición posnuclear ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] en San Salvador de Tebra




Gráfica 8. Porcentaxe de ocorrencias das distintas variantes en San Salvador de Tebra

Polo tanto, vemos que en Tebra hai algunhas mostras minoritarias de seseo prenuclear, pero que en definitiva é unha parroquia caracterizada polo seseo posnuclear. Con todo, xa atopamos [θ] concorrendo con [s] en posición posnuclear.

4.9. Análise conxunta dos datos

4.9.1. Variantes en posición prenuclear

Os datos permítenos distinguir claramente dúas áreas dentro da zona que estudamos: unha na que se rexistra seseo en posición prenuclear e outra na que non. Como vemos na gráfica 9, na figura 6 e na figura 7, as parroquias seseantes en posición prenuclear son Pazos de Reis, Randufe, Areas e Malvas, situadas cara o leste da zona estudada, mentres que as non seseantes son Pexegueiro, Sobrada, Amorín e San Salvador de Tebra, situadas cara ao oeste. Con todo, dentro das parroquias seseantes observamos que as porcentaxes da presenza [θ] en Areas é maioritaria cun 60%, en Randufe e Pazos de Reis sitúase entre o 35% e o 50% e en Malvas redúcese a un 18%.



Gráfica 9. Porcentaxes de variantes en posición prenuclear nas distintas localizacións




Figura 6. Mapa coas porcentaxes de [θ] en posición prenuclear nas distintas parroquias





Figura 7. Mapa coas porcentaxes de [s] en posición prenuclear nas distintas parroquias

Entre as formas con [θ] recollidas en varios falantes destas catro parroquias atopamos os castelanismos [θ]erdo (rexistrado en Ra2, Ar1), *dul*[θ]e (rexistrado en Ra2, Ar1 e Ma1) e *a*[θ]úcar (rexistrado en Ra1 e Ra2). Estes dous últimas alternan coas formas con seseo *dul*[s]e (rexistrado en Ra2 e Ma1) e *a*[s]úcar (rexistrado en Pa1, Ra2 e Ar1). Tamén son especialmente frecuentes as formas con [θ] nos verbos *facere* e o seu derivado *desfacere* (rexistradas en Pa2, Ra1, Ra2, Ar1, Ar2, Ma1 e Ma2), así como do verbo *cocere* (rexistradas en Pa2, Ra1, Ra2 e Ar1), ademais de no substantivo *cocido* (rexistrado en Pa2, Ra2, Ar1, Ar2 e Ma1). Con todo, estas realizacións con [θ] rexístranse ao pé de formas con [s] de *facere* e *desfacere* (Pa1, Pa2, Ra1, Ra2, Ar1, Ma1 e Ma2), de *cocere* (rexistradas en Ra1 e Ra2) e de *cocido* (rexistradas en Pa1, Ra1 e Ar1).


Nas parroquias non seseantes a presenza de [θ] é absolutamente maioritaria e as realizacións con [s] fican limitadas a ocorrencias residuais só na parroquia de San Salvador de Tebra. Como xa sinalamos, as palabras recollidas con seseo en San Salvador de Tebra foron *fillo*[s]a e *fillo*[s]eira, esta última tamén rexistrada no falante Ar2 de Areas, que presentaba ao igual que Te2 realizacións con [θ] próximas ao 100%. É posible que esteamos ante un uso lexicalizado con seseo.

Como se comproba na gráfica 10, se ordenamos os nosos informantes por idades os datos resultan reveladores. Se ben a idade no conxunto, sen unha distinción entre parroquias, non parece amosar padróns, se illamos as parroquias seseantes (gráfica 11) comprobaremos que

semella que existe un cambio lingüístico en marcha que afecta á variable obxecto de estudo e que este obedece a factores xeográficos e de idade. Na parroquia de Pazos de Reis a informante Pa1, de noventa e catro anos, apenas presenta [θ], en tanto que xa é a realización moi maioritaria do informante Pa2, que ten setenta e cinco. Polo tanto, o cambio xa está moi avanzado nunha persoa de 75 anos. En Areas, con informantes de oitenta e dous anos, observamos que o cambio xa se verificou nunha persoa desa idade, mentres que a outra aínda mantén de maneira maioritaria usos con [s]. En Randufe, os informantes Ra1, de oitenta, e Ra2, de setenta e nove, presentan unha menor porcentaxe de seseo que a informante Pa1, pero maior que Pa2. Polo tanto, nos informantes de Randufe aínda non se verificou completamente un cambio que xa mostra síntomas de asentamento en Pazos de Reis e Areas. Con todo, as porcentaxes de seseo en Randufe son menores ca as porcentaxes de seseo en Malvas. Os informantes de Malvas, os máis novos da mostra, con sesenta e un e setenta e un anos, son os que presentan maior porcentaxe de realización seseantes, con niveis próximos aos da informante Pa1. Polo tanto, é a parroquia na que, tanto polas porcentaxes como pola idade, as realizacións seseantes teñen unha maior vitalidade.



Gráfica 10. Porcentaxes das distintas variantes en posición prenuclear pola idade dos informantes




Gráfica 11. Porcentaxes das distintas variantes en posición prenuclear nos informantes das parroquias situadas ao leste por idade

Por outra banda, observamos que nas parroquias que identificamos como non seseantes en posición prenuclear, informantes de idades semellantes aos das parroquias seseantes e tamén maiores non amosan realizacións con [s]. Se nos centramos nos informantes de maior idade, fronte á informante Pa1 de Pazos de Reis, de noventa e catro anos e cun 96% de ocorrencias con [s], temos ao informante Te2 de San Salvador de Tebra, con noventa e un anos e un 98% de realizacións con [θ]. Polo tanto, o seseo en posición prenuclear nas parroquias ao oeste está ausente en persoas de moi avanzada idade.

4.9.2. Variantes en posición posnuclear

En posición posnuclear observamos, como se ve na gráfica 12 e nas figuras 8, 9 e 10, que a presenza da variante [s] é maioritaria en todas as parroquias estudadas.



Gráfica 12. Porcentaxes de variantes en posición posnuclear nas distintas localizacións




Figura 8. Mapa coas porcentaxes de [θ] en posición posnuclear nas distintas parroquias




Figura 8. Mapa coas percentaxes de [s] en posición posnuclear nas distintas parroquias





Figura 9. Mapa coas percentaxes de [r] en posición posnuclear nas distintas parroquias

Se ordenemos a todos os informantes por idade (gráfica 13), comprobamos que a idade non semella ter efecto sobre a escolla de variantes: os tres informantes de maior idade, de entre oitenta e nove e noventa e catro anos, nunca presentan [θ], pero tampouco presentan este son informantes máis novos como Ar1, de oitenta e dous; Pe1, de setenta e oito; Pe2, de setenta e sete, e Ma2, de sesenta e un.



Gráfica 13. Porcentaxes das distintas variantes en posición posnuclear pola idade dos informantes

En canto ao rotacismo, é un fenómeno rexistrado en todas as parroquias, pero como se puido comprobar ao longo da análise en cada unha delas, obtivemos un número de ocorrencias reducido nos contextos en que podería producirse, é dicir, ante consoante sonora e fricativa xorda. En moitos informantes non se obtiveron datos para observar o fenómeno, posto que non se recolleron ocorrencias en ningún dos dous contextos ou soamente nun. Analizando o fenómeno de maneira conxunta en todas as parroquias, comprobamos que se rexistraron 39 ocorrencias (táboa 20). Delas, 35 recóllense ante consoante sonora e 4 ante fricativa xorda. Segundo se observa na táboa 21, ante consoante sonora a variante [r] aparece nun 69% dos casos e [s] nun 31%. Ante fricativa xorda, nunca se rexistrou a variante [r]: aparece a variante [s] nas catro ocorrencias, diante de [j] (*arro[s] xa*, Pa1; *de[s] xa tiña*, Ar1), diante de [f] (*ve[s] faser*, Ar1) e diante de [s] (*rapa[s] si*, Ma2).

	[s]	[r]	Total
Ante consoante sonora	11	24	35
Ante fricativa xorda	4	0	4
Nos dous contextos	15	24	39

Táboa 20. Número de ocorrencias ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes [s] e [r] na totalidade das parroquias

	[s]	[r]
Ante consoante sonora	31%	69%
Ante fricativa xorda	100%	0%
Nos dous contextos	38%	62%

Táboa 21. Porcentaxes de ocorrencias ante consoante sonora e fricativa xorda das variantes das variantes [s] e [r] na totalidade das parroquias

5. Conclusións

O obxectivo fundamental deste traballo era realizar unha aproximación á variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño respecto ás variantes relacionadas co seseo. Para iso, recolleuse un corpus de lingua oral a partir de entrevistas semidirixidas a dezaseis falantes de idades comprendidas entre os sesenta e un e os noventa e catro anos. A variable estudada foi o son presente naqueles contextos nos que se podería producir a distinción fonémica entre /s/ e /θ/ na variedade que adoita identificarse co galego estándar. A análise deste corpus seguindo os principios da sociolingüística variacionista permitiunos identificar diferentes patróns en función da posición dentro da sílaba, do contexto fonético, da localización xeográfica e da idade dos informantes.

En primeiro lugar, rexistráronse porcentaxes de seseo superiores ao 40% en posición prenuclear nas parroquias de Pazos de Reis, Randufe, Areas e Malvas. Ademais, os datos parecen indicar que nestas parroquias existe unha relación entre a variable de idade e a frecuencia de seseo prenuclear. Nas demais parroquias estudadas (Pexegueiro, Sobrada, Amorín e San Salvador de Tebra) as porcentaxes de seseo prenuclear son dun 0% ou sitúanse en valores próximos ao 0%.

En segundo lugar, o seseo en posición posnuclear é un fenómeno que se rexistra en todos os falantes de todas as parroquias analizadas. A presenza de [θ] sitúase nas distintas localizacións entre un 0% e un 40%. Con todo, obsérvanse nalgúns parroquias diferenzas porcentuais superiores ao 30% entre un informante e outro: en Pazos de Reis Pa1 non presenta ningunha realización con [θ] en posición posnuclear, mentres que Pa2 presenta un 33%; en Areas Ar1 tampouco presenta ningunha realización con [θ], pero as ocorrencias con [θ] de Ar2 chegan ao 75%, e en Amorín o informante Am2 mostra un 11% de realizacións con [θ], en tanto que Am1 un 67%. Nas demais parroquias, ambos informantes presentan porcentaxes máis ou menos semellantes. Nin a idade nin a localización xeográfica parecen influír na elección de variantes en posición posnuclear.

Polo tanto, segundo os nosos resultados nesta área poden delimitarse dúas zonas en función das variantes rexistradas: unha área ao oeste con seseo exclusivamente posnuclear que inclúe as parroquias de Pexegueiro, Sobrada, Amorín e San Salvador de Tebra, e unha área ao leste de seseo pre e posnuclear que comprende as parroquias de Pazos de Reis, Randufe, Areas e Malvas.

O rotacismo documentouse en todas as parroquias en porcentaxes semellantes respecto á totalidade da mostra de ocorrencias en posición posnuclear. Se nos centramos nas ocorrencias

de [s] e [r] ante consoante sonora e ante fricativa xorda, nas ocorrencias rexistradas neste traballo, que non se corresponden coa totalidade das posibles ocorrencias nas que [s] e [r] se atopan en competencia, senón soamente aquelas que responden á variable obxecto de estudo, a variante rótica nunca se rexistrou ante fricativa xorda e documentouse nun 69% das ocorrencias ante consoante sonora. Con todo, os datos recollidos son reducidos, posto que só se obtiveron 39 ocorrencias nas que sería posible a aparición de rotacismo no conxunto das parroquias (das cales soamente 4 son ante fricativa xorda).

